



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

ACORDO do 12 de maio de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Quiroga. (Expediente 2022/8- ATE)

Con data 7 de marzo de 2023, a Xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada Regulamentación LMTA SEQ805 entre apoios nº 81-40-B-32 e 81-40-B-48 no concello de Quiroga (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo á presente resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 20 de outubro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia do 11 de novembro de 2022, para que compareza o día **28 de xuño de 2023 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así cmo as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 12 de maio de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

Regulamentación LMTA SEQ805 entre apoios nº 81-40-B-32 e 81-40-B-48

Nº Finca	Titular	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Afección Apoio	Superf. Apoio	Lonxitude Voo (m)	Superficie Voo (m2)
1	Montes de la Herrería de Soldón	90	584	Barra	Monte Alto	81-40-B-40;81-40-B-41;81-40-B-42	6	367,00	6136,00

3	Montes de la Herrería de Soldón	91	306	Navainza	Monte Baixo	81-40-B-33, 81-40-B-34, 81-40-B-35 81-40-B-36	8	264,00	4172,00
---	---------------------------------	----	-----	----------	-------------	--	---	--------	---------

R. 1694

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INTERVENCIÓN

Anuncio

Informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2022; expónse ao público na Secretaría da Excma. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real decreto Lexislativo 2/2004, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, a trinta de maio de dous mil vinte e tres.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1719

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO NA CORUÑA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Anuncio del Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en León, Subdelegación del Gobierno en Pontevedra y Delegación del Gobierno en Galicia por el que se somete a información pública la solicitud de autorización administrativa previa y el estudio de impacto ambiental de la planta eólica “OENCIA” de 217 MW de potencia instalada y sus infraestructuras de evacuación, en las provincias de León, Ourense y Lugo.

A los efectos de lo establecido en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, en los artículos 124 y 125 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, en el artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, así como en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se somete al trámite de información pública, de manera conjunta, la solicitud de autorización administrativa previa y el estudio de impacto ambiental de la planta eólica “Oencia” de 217 MW de potencia instalada, así como su infraestructura de evacuación asociada, cuyas características generales son las siguientes:

Expediente número: PEol-874.

Peticionario:

CEFIRO HOLDCO 3, S.L.U., con domicilio social en calle Enrique Mariñas Romero Periodista nº 36, Bl. 1, 8º, L-8,A Coruña, 15009 y CIF B-42954602.

Objeto de la solicitud:

Autorización administrativa previa y declaración de impacto ambiental de la planta eólica “Oencia” de 217 MW, así como su infraestructura de evacuación asociada.

Emplazamiento:

Términos municipales de Oencia, Barjas, Corullón, Sobrado y Carucedo en la provincia de León; Rubiá en la provincia de Ourense; Pedrafitas do Cebreiro y Folgoso do Courel en la provincia de Lugo.

Finalidad:

Producción de energía eléctrica por medio de una planta eólica, así como su evacuación a la red de transporte de energía eléctrica.

Características técnicas:

Parque eólico Oencia: tendrá una potencia instalada de 217 MW. Estará integrado por 35 aerogeneradores de 6,2 MW de potencia unitaria. La evacuación del parque eólico se hará mediante 15 circuitos de líneas subterráneas de 30 kV, que recogerán la energía generada por los aerogeneradores y la conducirán hasta la subestación colectora-elevadora Oencia 30/220 kV. Incluye dos torres de medición, viales de acceso y obra civil para instalación y mantenimiento.

Subestación colectora-elevadora Oencia 30/220 kV: recibirá la energía generada por el parque eólico “Oencia” por medio de líneas subterráneas de 30 kV y elevará la tensión hasta los 220 kV, mediante un transformador tipo intemperie de 260 MVA con sus elementos de protección y maniobra.

Línea de evacuación de energía aérea y soterrada de alta tensión 220 kV SET Oencia – Subestación Anexa tipo GIS y línea soterrada de alta tensión 220 kV con final en la subestación Cornatel 220 kV, propiedad de REE. La longitud total de la línea en aéreo es de 15,03 km (3 tramos), contando con 50 apoyos y la longitud total de línea en soterrado es de 7,89 km (3 tramos) hasta Subestación Anexa tipo GIS - Subestación Cornatel 220 kV, con dos conductores por fase y cable de protección con fibra óptica.

Presupuesto:

188.621.590,32 €

El proyecto está sujeto al procedimiento de evaluación de impacto ambiental ordinaria, en virtud de lo definido en el artículo 7.1.a de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.

Corresponde a la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico dictar la resolución de autorización administrativa previa de la instalación. Corresponde a la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, del mismo ministerio, formular la declaración de impacto ambiental. Por su parte, corresponde a las Áreas de Industria y Energía de las Subdelegaciones del Gobierno en León, de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra (que actúa sobre la provincia de Ourense) y de la Delegación del Gobierno en Galicia (que actúa sobre la provincia de Lugo) la tramitación del procedimiento administrativo iniciado mediante esta solicitud, en la parte correspondiente a cada provincia, por lo que esos son los órganos a los que pueden dirigirse observaciones, alegaciones y consultas.

De conformidad con lo previsto en el artículo 53.1.a de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, la tramitación de ambos procedimientos (autorización administrativa previa y evaluación de impacto ambiental) se efectúa de manera conjunta.

Lo que se hace público para conocimiento general, y especialmente de los interesados y afectados, para que, en el plazo de treinta días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación del mismo, pueda ser examinado el expediente de la instalación, y formularse en el referido plazo cualesquiera alegaciones se consideren oportunas a la instalación proyectada, a través del Registro Electrónico de la Administración General del Estado (<https://rec.redsara.es>) o por cualquier otro de los medios establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, dirigidas al Área Funcional de Industria y Energía de la correspondiente provincia.

El artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, confiere con carácter general a las personas físicas el derecho de elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a ello.

Por su parte, las personas jurídicas estarán obligadas, en todo caso, a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo.

Para aquellos sujetos que no están obligados a relacionarse por medios electrónicos, la consulta presencial requerirá solicitar cita previa.

El Anteproyecto y el Estudio de Impacto Ambiental de la instalación pueden ser examinados:

A través del siguiente enlace: <https://run.gob.es/yrkOencia>

En la página web de la Delegación del Gobierno en Castilla y León, apartado “Proyectos, Campañas e Información”, epígrafe para los “Procedimientos de Información Pública”, accesible también a través del siguiente enlace: <http://run.gob.es/tramitacion>

En la página web de la Delegación del Gobierno en Galicia, apartado “Proyectos, Campañas e Información”, epígrafe para los “Procedimientos de Información Pública”, accesible también a través del siguiente enlace:

https://www.mptfp.gob.es/porta1/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/proyectos-ci/INFORMACION_PUBLICA/INSTALACIONES_ELECTRICAS.html

Presencialmente en el Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en León, sita en Avda. de Asturias, número 4, 24008, León. La consulta presencial requerirá solicitar cita previa llamando al teléfono 987 96 90 88, en horario de 9h a 14h, o enviando un correo electrónico a industria.leon@correo.gob.es.

Presencialmente en el Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, sita en Plaza de España, s/n, 36002, Pontevedra; mediante cita previa, que puede solicitarse a través del teléfono 986 98 92 35, en horario de 9h a 14h, o del correo electrónico a industria.pontevedra@correo.gob.es.

Presencialmente en el Área de Industria y Energía situada en la Delegación de Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003; mediante cita previa, que puede solicitarse a través del teléfono 981 98 95 59, en horario de 9h a 14h, o del correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es.

A Coruña, 25 de maio de 2023.- El Director del Área de Industria y Energía, Francisco Javier Filgueira Rodríguez.

R. 1720

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 26 de maio de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de abril de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 2º bimestre de 2023 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de xuño ao 11 de setembro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 26 de maio de 2023.- O Alcalde, Alfonso VillaresBermúdez.

R. 1695

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio do 2023 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 1 de xuño de 2023.- O ALCALDE, Jose Tome Roca.

R.1714

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria 27.03.2023, aprobou provisionalmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordo de modificación, e procédese a súa publicación.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 5 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculada conforme o establecido nos seus apartados 2 e 3, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme o previsto no seu apartado 4.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado no devandito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Con todo, cando este valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflecta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme a aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez obtívose conforme os procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiñanse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóble de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral no devandito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo este valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito para elevar unha ou máis #andar sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das #andar para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto este incremento.

Nos supostos de non suxeición, agás que por lei indíquese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme o disposto nos apartados anteriores, será o que corresponda dos aprobados polo concello segundo o período de xeración do incremento de valor, sen que poida exceder dos límites seguintes:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 año.	0,15

1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,15
4 anos.	0,17
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,18
8 anos.	0,15
9 anos.	0,12
10 anos.	0,10
11 anos.	0,09
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,10
16 anos.	0,13
17 anos.	0,17
18 anos.	0,23
19 anos.	0,29
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levar a cabo dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.

Se, como consecuencia da actualización referida no parágrafo anterior, algún dos coeficientes aprobados pola vixente ordenanza fiscal resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa este exceso.

5. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constátese que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme ao disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

As anteriores modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 31 de maio 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1715

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24.05.2023, prestouse aprobación as bases e convocatoria do proceso selectivo, COMO FUNCIONARIO, POR SISTEMA DE MOBILIDADE DE POSTOS VACANTES NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de Monforte de Lemos (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial Do Estado.

As bases e demais información do proceso selectivo pode ser consultada na web municipal (www.monfortedelemos.es).

BASES DA CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE PROVISIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE POSTOS VACANTES NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1. Convocar as probas selectivas para cubrir polo sistema de concurso entre persoal funcionario de carreira doutros corpos de Policía Local de Galicia as seguintes prazas vacantes do Cadro de Persoal do Corpo da Policía Local de Monforte de Lemos:

Número de prazas: Dúas (2).
Relación de servizo: Persoal funcionario de carreira.
Escala: Administración especial.
Subescala: Servizos especiais.
Clase: Policía Local.
Categoría: Policía.
Grupo de titulación: C1.

1.2. Este proceso rexeráse polo establecido nestas bases e, para o non previsto, estarase a disposición na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas interesadas en participar no proceso de provisión deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

- a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía.
- b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía.
- c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
- d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- e) Estar en posesión do título de bacharelou técnico. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.

f) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 (ABANCA) a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 18'87 € prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día

24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

III. SOLICITUDES

3.1.- As persoas interesadas en tomar parte neste proceso de provisión terán que facelo constar en instancia segundo o modelo que se facilitará na páxina web do Concello www.monfortedeleemos.es e que figura no anexo I.

3.2.- Para ser admitidos neste proceso de provisión, as persoas interesadas deberán achegar á instancia a seguinte documentación, orixinalou compulsada:

a) Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame.

b) Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na devandita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de tres anos na categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

c) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados dos que consta o concurso, segundo o especificado no apartado “VI. PROCESO DE PROVISIÓN”.

d) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. Esta documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde no que figura cada un dos méritos na relación de méritos.

3.3.- Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

3.4.- A falta de pagamento da taxa correspondente, no seu caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante, non sendo posible a súa emenda fora do prazo de solicitudes.

3.5.- A presentación do xustificante do abono das taxas non supoñerá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da instancia de solicitude de participación no proceso.

3.6.- A convocatoria e as súas bases publicaránse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, no que conste o Concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría á que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen o procedemento de provisión e as persoas participantes.

3.7.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3.8.- A presentación das solicitudes e da documentación a achegar poderán realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.9.- O horario do rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres laborables.

3.10.- En aplicación do artigo 40 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, o persoal funcionario participante en dous ou máis procesos simultáneos de mobilidade horizontal está suxeito ás seguintes obrigacións:

1. Comunicar a cada concello afectado a súa participación en procesos idénticos noutros concellos, de maneira que se poida ter en conta esta circunstancia por cada concello, no suposto de resultar seleccionado, antes de ditar a proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal.

2. Comunicar por escrito ao concello no que non vaia a tomar posesión, antes da proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal, a renuncia á mesma.

IV. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos e excluídos, con indicación da causa da exclusión, de ser o caso.

De non existir aspirantes provisionalmente excluídos, a lista pode ser levada a definitiva polo Alcalde. Esta resolución publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.monfortedeleemos.es

4.2.- Prazo de reclamacións. As/Os aspirantes non admitidos disporán dun prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, co fin de enmendar o defecto que motivara a súa non admisión.

Dispoñerán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, presentando debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderán emendar a presentación de solicitude fora do prazo habilitado a este efecto nin a falta de pagamento da taxa establecida.

4.3.- Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o Alcalde ditará resolución na que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.monfortedelemos.es e fixará o lugar a data de comezo das probas.

4.4.- O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso. Cando, da documentación que deben presentar tras superar o proceso, despréndase que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

V. TRIBUNAL.

5.1.- O tribunal do proceso de provisión será colexiado e a súa composición haberá de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, tendéndose, así mesmo, á paridade entre muller e home.

5.2.- Non poderá formar parte do tribunal do proceso de provisión o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

5.3.- A pertenza ao tribunal do proceso de provisión será sempre a título individual, sen que poida ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5.4.- Os membros do tribunal do proceso de provisión deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. En todo caso, deberá pertencer como mínimo o subgrupo C1 ou superior.

5.5.- O tribunal do proceso de provisión estará composto por cinco membros: presidente/a, o secretario/a e tres vogais así como os respectivos suplentes. Será nomeado mediante resolución da Alcaldía.

5.6.- Corresponden ao tribunal as funcións relativas á cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cuantos informes sexan necesarios derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas en orde ao correcto desenvolvemento do proceso e resolución de incidencias.

5.7.- Todos os membros terán voz e voto e o tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

5.8.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neses circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.9.- O Alcalde poderá solicitar aos membros do tribunal e, no seu caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

5.10.- En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neses algunha das circunstancias de abstención legalmente previstas.

5.11.- O tribunal non poderá constituírse sen a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

5.12.- Por resolución do Alcalde poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as valoracións que se estime pertinentes, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

5.13.- En ningún caso poderá o tribunal propoñer a adxudicación de prazas a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de adxudicación de prazas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.14.- Das sesións realizadas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

VI. PROCESO DE PROVISIÓN.

6.1.- O proceso efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se establece no anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, que non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes.

6.2.- Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aquelas presentasen ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos en período de alegacións. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

6.3.- O tribunal procederá á baremación dos méritos e publicará na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante.

6.4.- Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da baremación.

6.5.- Os méritos a valorar e o baremo de puntuación para cada un son os seguintes:

1. Titulacións académicas oficiais	PUNTOS
- Título universitario de posgraduado, doutor ou equivalente	3,00
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente	2,00
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminoloxía, Ciencias Policiais ou equivalente	1,50
Bacharelato técnico ou equivalente	0,50
En relación coa aplicación dos baremos, débense ter en conta as seguintes normas:	
- Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúamáis dunha. Tampouco se terán en conta, a efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregaron como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.	
- A efectos de equivalencia de titulación, só admitiranse as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo presentarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, no seu caso, o BOE en que se publicou. Só valoraranse os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención	

2. Antigüidade como funcionario de carreira	PUNTOS
- Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local	0,20
- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade	0,10
- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública.	0,05

3. Formación profesional e docencia	PUNTOS	
Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas	Asistenc	Aproveit
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015	0,025
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010	0,020
Como alumno noutras actividades alleas á Agasp	Asistenc	Aproveit
- Cursos ou actividades ata 20 horas	0,20	0,30
- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas	0,35	0,50
- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas	0,45	0,65
- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas	0,50	0,75
- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00

- Cursos ou actividades de máis de 200 horas	1,00	1,30
Como profesor da Agaspou en actividades conveniadas		
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,020	
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,015	
Como profesor noutras actividades alleas á Agasp		
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015	
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010	
- Formación e docencia: non se terán en conta, a efectos de valoración: • Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade. • Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a finalización do primeiro curso. • Os cursos necesarios para a obtención das titulacións do epígrafe A.1 do anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, nin a superación de materias destes. - En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial, dirixidas, en particular, aos corpos de policía local, outamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a súa realización		

4. Distincións e recompensas oficiais	PUNTOS
- Placa individual ao mérito da policía local	2,00
- Placa colectiva ao mérito da policía local	1,50
- Medalla ao mérito da policía local	1,00
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos	0,75
- Distincións do órgano colexiado competente do concello	0,25

5. Idiomas	PUNTOS
Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas (EOI)	
A) Ciclos.	
- Certificado de superación do ciclo elemental	1,00
- Certificado de superación do ciclo superior	2,00
B) Niveis.	
- Certificado superación nivel básico	0,65
- Certificado superación nivel intermedio	1,30
- Certificado superación nivel avanzado	2,00
Só terase en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten	

6. Lingua galega	PUNTOS
Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación	
- Celga 1	0,25
- Celga 2	0,50
- Celga 3	0,75
- Celga 4	1,00
- Curso de iniciación	0,75
- Curso de perfeccionamento	1,00
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio	1,50
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior	2,00
Sóterase en conta o título de máis nivel dos que se acrediten	

6.6.- No proceso de valoración poderá recabarse formalmente das persoas aspirantes as aclaracións, ou no seo caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

O orden de prelación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación das prazas convocadas se efectuará de acordo á suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. O número de persoas propostas non poderá ser superior o de prazas convocadas no proceso.

6.7.- A puntuación obtida por cada candidato publicaráse na páxina web do Concello www.monfortedeleiros.es e no caso de producirse un empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios:

6.8.- De conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata producir o desempate:

a) Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de maneira sucesiva.

c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos no epígrafe de formación profesional.

d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

6.9.- No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

VII. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. TOMA DE POSESIÓN.

7.1.- O tribunal enviará ao Alcalde a proposta de adxudicación dos postos convocados a favor das/dos aspirantes que, en número non superior o de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso de provisión.

Esta proposta será elevada a definitiva por resolución do Alcalde, resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia. O tribunal poderá declarar deserta aquela praza obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso de provisión o número suficiente de aspirantes.

7.2.- En aplicación do artigo 41 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e de conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, os destinos adxudicados son irrenunciabes, agás que con anterioridade á finalización do prazo posesorio obténase outro destino mediante convocatoria pública.

Nese caso a persoa adxudicatariapoderá optar e comunicar a opción elixida.

Unha vez comunicada esta circunstancia ao concello convocante da praza á que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública.

O tribunal, realizará nestes supostos unha segunda e, no seu caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso.

A previsión do número anterior sería aplicable tamén no caso de que a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados.

7.3.- Ademais do suposto anterior, e co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, o Alcalde poderá requirir do tribunal do proceso de provisión, unha nova proposta de adxudicación a favor dos/das aspirantes que, en número non superior ao das non cubertas por calquera outro motivo e segundo a orde de puntuación obtida, tiveran superado o proceso de provisión.

7.4.- As persoas funcionarias seleccionadas cesarán no seo Concello de orixe no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento sin perxizo da aplicación das restantes normas específicas que para esta situación establece o artigo 42 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, así como cantas outras resulten de aplicación con carácter xeral.

VIII. RECURSOS.

8.1.- Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia/Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes a contar desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción Contencioso-Administrativa de Lugo que corresponda, no prazo de dous meses, desde a súa publicación.

8.2.- Non poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo se se interpuxera o potestativo de reposición, en tando non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

IX. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS.

Sobre esta convocatoria poderase obter información a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web do Concello de Monforte de Lemos, www.monfortedelemos.es, no apartado "Procesos selectivos".
- b) Na dirección de correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com
- c) Nos teléfonos 982 416537 ou 982402501.

ANEXO I: Modelo de instancia

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS		
Dn./Dna. _____, maior de idade		
con D.N.I. nº _____ e domicilio en _____		
_____		Nº _____ de _____
C.P. _____	provincia de _____	con tfno. nº _____
e con e-mail: _____		
EXPÓN: Que tendo sido convocadas probas selectivas para a provisión polo sistema de mobilidade e procedemento de concurso de dúas prazas vacantes no Corpo da Policía Local de Monforte de Lemos para o ano 2023, MANIFESTA: Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixennas bases da convocatoria e adxunta a documentación acreditativa que se solicita nas bases. Que todos os datos consignados nestasolicitud e na documentación achegada son certos, e, SOLICITA: Que se teña por presentada a presente instancia dentro do prazo conferido ao efecto e, en consecuencia, sexa admitido/a para tomar parte na oposición.		
En _____, a _____ de _____ de 2023		
Sinatura _____		

Monforte de Lemos, 1 de xuño de 2023.-O ALCALDE, Jose Tome Roca.

R. 1716

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/UNHA EDUCADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio do 2023 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 1 de xuño de 2023.-O ALCALDE, Jose Tome Roca.

R. 1717

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Corrección de erros.

Vista a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 122 de 30 de maio de 2023 onde se publicou o edicto de aprobación do Orzamento Xeral do exercicio 2023, e debido a un erro,

Onde di:

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	1.021.590,00	Impostos directos	650.000,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	698.610,00	Impostos indirectos	30.000,00
III	Gastos financeiros	12.000,00	Taxas e outros ingresos	391.000,00
IV	Transferencias correntes	38.700,00	Transferencias correntes	727.000,00
V	Continxencias	0,00	Ingresos patrimoniais	2.000,00
	Total gastos correntes	1.770.900,00	Total ingresos correntes	1.900.000,00
VI	Inversións reais	29.100,00	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	0,00
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	100.000,00	Variación de pasivos financeiros	0,00
	Total gastos de capital	129.100,00	Total ingresos de capital	0,00
	Total estado de gastos	1.900.000,00	Total estado de ingresos	1.900.000,00

Debe decir:

	Gastos		Ingresos	
	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>
I	<i>Gastos de persoal</i>	1.021.590,00	<i>Impostos directos</i>	671.000,00
II	<i>Gastos en bens correntes e servizos</i>	698.610,00	<i>Impostos indirectos</i>	30.000,00
III	<i>Gastos financeiros</i>	12.000,00	<i>Taxas e outros ingresos</i>	419.000,00
IV	<i>Transferencias correntes</i>	38.700,00	<i>Transferencias correntes</i>	778.000,00
V	<i>Continxencias</i>	0,00	<i>Ingresos patrimoniais</i>	2.000,00
	<i>Total gastos correntes</i>	1.770.900,00	<i>Total ingresos correntes</i>	1.900.000,00
VI	<i>Inversións reais</i>	29.100,00	<i>Alleamento de inversións reais</i>	0,00
VII	<i>Transferencias de capital</i>	0,00	<i>Transferencias de capital</i>	0,00
VIII	<i>Variación de activos financeiros</i>	0,00	<i>Variación de activos financeiros</i>	0,00
IX	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	100.000,00	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	0,00
	<i>Total gastos de capital</i>	129.100,00	<i>Total ingresos de capital</i>	0,00
	Total estado de gastos	1.900.000,00	Total estado de ingresos	1.900.000,00

A Pobra do Brollón, 30 de maio de 2023.- O ALCALDE, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1696

SARRIA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PLANTILLA E ANEXO DE PERSOAL

O 27 de abril de 2023 o Pleno do Concello de Sarria acordou a modificación da plantilla e anexo de persoal.

O anuncio de modificación da plantilla e anexo de persoal foi publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo núm. 103 do 6 de maio de 2023, expoñéndose ao público o expediente durante quince días hábiles, advertíndose no devantado anuncio que quedará definitivamente aprobado se transcorrido o prazo de exposición non se presentan reclamacións.

Rematado o prazo de alegacións, non consta ningunha reclamación presentada, polo que queda aprobado definitivamente o acordo, publicándose aos efectos o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e determinando este a entrada en vigor do acordo.

PLANTILLA DE PERSOAL 2023.

PERSOAL FUNCIONARIO	CATEGORÍA	TOTAL	VACANTES
1.- Con Habilitación de Carácter Nacional			
Secretario	A1	1	0
Interventor	A1	1	1
Tesoureiro	A1	1	1
2.- Escala de Administración Xeral			
Subescala Técnica			
Subescala de Gestión	A2	4	1

Subescala Administrativa	C1	7	4
Subescala Auxiliar	C2	15	10
Subescala Subalterna	E	2	0
3.- Escala de Administración Especial			
3.1.-Subescala Técnica			
A) Técnica Superior	A1	2	1
B) Técnica Media	A2	5	3
C) Técnica Auxiliar	B	1	1
	C1	2	2
3.2.- Subescala de Servicios Especiais			
A) Policía Local e Auxiliares	A2	1	1
	C1	15	4
B) De Persoal de Oficios	C2	2	1

PERSOAL LABORAL FIXO	TOTAL	VACANTES
Auxiliar Administrativo	1	1
Orientadora Laboral	1	1
Asistente Social	2	0
Psicopedagoga Drogodep.	1	1
Psicóloga Cim	1	1
Operarios asistencia domiciliaria	2	2
Operario obras cemiterio	1	0
Axudante Obras	1	1
Operario Obras	5	2
Operario electricista	1	0
Tractorista Obras	1	0
Axudante Obras Medio Ambiente	1	0
Operarios Obras Medio Ambiente	6	4
Operario de Obras-Matadoiro	1	0
Director Escola Música	1	1
Auxiliar O.I.X.	1	0
Operario Obras Centros docentes	2	0
Operarios obras Deportes	5	5
Vixilante instalación deportivas	1	1
Axudante Matarife	6	1

PERSOAL LABORAL INDEFINIDO(*)	TOTAL	VACANTES
Educador/a social	1	0
Profesores de Música	3	0
Vixilante instalación deportivas	1	0
Administrativo turismo	1	0
Técnico informático	1	0

(*) Prazas reflexadas nos anexos de persoal funcionario e laboral fixo; refléxanse mentres non se proceda á cobertura definitiva das prazas segundo os procedementos legais establecidos.

PERSOAL LABORAL FIXO-DISCONTINUO	TOTAL	VACANTES
Profesor de Música (61,7% xornada)	1	1
Profesor de Música (50% xornada)	1	1
Profesor de Música (70% xornada)	1	1
Profesor de Música (55% xornada)	1	1
Profesor de Música (80% xornada)	1	1
Profesor de Música (37,5% xornada)	1	1
Profesor de Música (55% xornada)	1	1
Profesor de Música (20% xornada)	1	1
Informador Turístico (4 meses)	1	1
Tractorista (8 meses)	2	2
Operario (8 meses)	6	6
Operario (4 meses)	5	5
Auxiliar de Policía Local (8 meses)	1	1
Auxiliar de Policía Local (4 meses)	2	2

PERSOAL LABORAL TEMPORAL	TOTAL	VACANTES
Auxiliares de Policía Local (6 meses / ano)	2	2
Operarios para parques e xardíns (4 meses / ano)	3	3
Operario biblioteca (6 meses / ano)	1	1

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sarria, 30 de maio de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1700

VILALBA

Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/03/2023, da “*modificación da Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana. Expte. 4218/2022*”, publicado no BOP nº 84 do 13/04/2023, insertándose de seguido o seu texto íntegro, no cumprimento do estipulado no art. 17 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais.

TEXTO ÍNTEGRO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DE TERREOS DE NATUREZA URBANA:

- o Capítulo I engadindo no título “supostos de non suxeición”
- o artigo 4:

1. Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que a seu favor e en pago delas se verifiquen e as transmisións que se fagan a cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisión de bens inmoables entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.

Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmoables a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio levarase a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

2. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constata a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 6 desta Ordenanza e 106 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria. Cando se trate da transmisión dun inmoable no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición. Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns. Na posterior transmisión dos inmoables aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmoables que resulten non suxeitos en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

- no Capítulo II, artigo 5:

CAPÍTULO II- EXENCIÓNS.**Artigo 5.**

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia da constitución e transmisión de dereitos de servidume.

2. Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado e os seus organismos autónomos de carácter administrativo.
- b) A Comunidade Autónoma de Galicia, a provincia de Lugo, así como os organismos autónomos de carácter administrativo de todas as entidades expresadas.

c) Este municipio e as entidades locais integradas nelou que formen parte del, así como os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo.

d) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.

e) **As entidades xestoras da Seguridade Social e de mutualidades de previsión social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados**

f) As persoas ou entidades a favor das que se teña recoñecido a exención en tratados ou convenios internacionais.

g) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectados a elas.

h) A Cruz Vermella Española.

- no Capítulo III, suxeitos pasivos, é engadido un apartado 2 no artigo 6:

2. Nossupostos a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

- no Capítulo IV, é modificado o artigo 7:

1- A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 3 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento do devengo calculado conforme ao establecido nos artigos seguintes, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no apartado seguinte.

2- O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento do pagamento será, segundo o período de xeración:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,15
1 ano	0,15
2 anos	0,14
3 anos	0,15
4 anos	0,17
5 anos	0,18
6 anos	0,19
7 anos	0,18
8 anos	0,15
9 anos	0,12
10 anos	0,10
11 anos	0,09
12 anos	0,09
13 anos	0,09
14 anos	0,09
15 anos	0,10
16 anos	0,13

17 anos	0,17
18 anos	0,23
19 anos	0,29
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Estes coeficientes serán os previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, actualizados anualmente mediante a correspondente norma estatal con rango legal.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sexa constatado que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos artigos seguintes, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

- o artigo 8:

O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei indíquese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu o anterior pagamento do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

- artigo 9, engádese o segundo párrafo:

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana, non teña determinado o valor catastral en dito momento, o concello practicará a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, refirindo o dito valor ao momento do devengo.

- artigo 10:

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe anual correspondente dos regulados no artigo 7.2 anterior, aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo 9 anterior que represente, respecto deste, o valor dos referidos dereitos, calculado mediante a aplicación das normas fixadas para os efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

- artigo 11:

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis andares sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente regulada no artigo 7.2 anterior, aplicarase sobre a parte do valor catastral definido no artigo 9 anterior que represente, respecto a este, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume dos andares a construír en voou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas, unha vez construídas aquelas.

- artigo 12:

Nos supostos de expropiación forzosa, a porcentaxe anual correspondente regulada no artigo 7.2 anterior aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 9 anterior fose inferior, en cuxo caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

- no Capítulo V, sección primeira, o artigo 13:

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 27 por cento.

A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os artigos seguintes.

- Disposicións derradeira primeira:

No que non se prevé expresamente na presente ordenanza, rexerán os preceptos que se conteñen na subsección 6ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II do **Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais**, concordantes e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

- Disposición derradeira segunda.

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno na súa sesión celebrada o día 30/03/2023, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 30 de maio de 2023.-A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1697

Anuncio

Elévese a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/03/2023 da “*aprobación da modificación do Regulamento do comedor escolar da Escola Infantil de Vilalba. Expte. 802/2022*”, publicado no BOP nº 84 do 13/04/2023, insertándose de seguido o seu texto íntegro, no cumprimento do estipulado no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILALBA (EEI)

CAPÍTULO I. INTRODUCCIÓN

O Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios, configura o comedor escolar como “un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade”.

É un recurso educativo de carácter complementario porque fomenta normas e condutas fundamentais para o desenvolvemento social dos alumnos. Constitúe unha excelente oportunidade para ensinar dende idades moi temperás, educación para a saúde, contribuíndo á adquisición de hábitos nutricionais sans que favorecen o desenvolvemento dos/das menores e a promoción da saúde, e educación para a convivencia, xa que constitúe un importante marco de socialización.

A nivel social, nestes intres supón un servizo básico para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, de cara a facilitar a inserción laboral dos/das proxenitores. Este servizo na actualidade é unha necesidade para gran parte das familias, xa que os horarios laborais e o ritmo de vida diario, non permiten unha conciliación familiar, polo que as administracións públicas deben facilitar o acceso aos mesmos da poboación infantil.

Por último, é un recurso compensatorio, xa que a situación actual de crise na que nos atopamos, deriva na existencia dun elevado número de familias en situación económica desfavorable. Polo que, unha das principais obrigas das administracións públicas debe ser garantir a gratuidade e asistencia aos comedores deste alumnado.

Segundo os principios de boa regulación previstos no art. 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, o que queda xustificado segundo o exposto, e o recollido no articulado.

CAPÍTULO II. OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN, CONCEPTO E OBXECTIVOS

Artigo 1- Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento do servizo de Comedor Municipal da Escola de Educación Infantil do Concello de Vilalba.

Artigo 2- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación territorial do presente regulamento é o Concello de Vilalba.

Este servizo desenvolverase no Centro de Educación Infantil de Vilalba, e está dirixido a todo o alumnado do centro.

Artigo 3- Concepto

O servizo de Comedor Escolar Municipal é un servizo público básico, ademais de ser un servizo educativo, complementario, compensatorio e social que constitúe un instrumento imprescindible para contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias.

Artigo 4- Obxectivos

Traballar actitudes e hábitos relacionados coa hixiene, a alimentación, o consumo responsable, e a convivencia.

Un obxectivo importante debido a situación de crise que estamos a vivir nestes intres, é a cobertura dunha parte importante das necesidades nutricionais dos /das menores pertencentes ás familias máis desfavorecidas que poden beneficiarse da gratuidade deste servizo, xa que hai que ter en conta que no noso país o xantar supón a inxesta do 40% do aporte enerxético diario, polo supón o principal aporte alimentario diario, e garante unha dieta san e equilibrada.

EDUCACIÓN PARA Á SAÚDE:

Cubrir unha parte importante do aporte enerxético diario do alumnado, proporcionándolle unha dieta equilibrada adaptada ás súas necesidades nutricionais, e polo tanto contribuíndo ao seu desenvolvemento físico e psíquico.

Favorecer a adquisición de hábitos de vida saudables mediante unha dieta san, equilibrada e variada.

Crear hábitos autónomos de hixiene persoal.

Promover a participación das familias solicitando a súa colaboración para continuar no fogar cos patróns de conduta e os hábitos dietéticos adquiridos no comedor.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

- Fomentar o compañeirismo, e as actitudes de igualdade, respecto, colaboración, tolerancia e solidariedade respecto ós/ás compañeiros/as e a todos os membros da comunidade escolar.
- Educación para a responsabilidade: Adquirir hábitos de cooperación e implicación, segundo as posibilidades do alumnado, nas tarefas de comedor, e promover a súa autonomía .
- Adquirir normas de conduta básicas na mesa, e as normas relacionadas co uso axeitado e a conservación do material e dos utensilios do comedor.
- Coidar e respectar o local, mobiliario e utensilios de uso comunitario.
- Crear hábitos de conduta que favorezan a convivencia, que desenvolvan as habilidades sociais e fomenten a conciencia social en favor dos demais.

DENDE UNHA PERSPECTIVA SOCIAL:

- Contribuír á compensación das familias mais desfavorecidas mediante a gratuidade do servizo.
- Potenciar a integración de colectivos en risco de exclusión social, aqueles socialmente desfavorecidos, e o alumnado con necesidades educativas especiais.
- Contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal, de cara a facilitar a inserción laboral dos/das proxenitores

CAPÍTULO III. CARACTERÍSTICAS DO COMEDOR, OS MENÚS, ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

Artigo 5- Características do comedor

O comedor escolar municipal está situado na planta baixa do Centro de Educación Infantil, e conta cunha superficie útil de 45m².

Localízase entre os dous edificios que conteñen as aulas, facilitando o seu acceso para o alumnado, e conta coas adaptacións necesarias para persoas con mobilidade reducida.

Está equipado coas instalacións que determina a lexislación vixente, e ten unha capacidade de 45 comensais.

Artigo 6- Os menús

Os menús estarán elaborados atendendo ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas esixidas para atender ás necesidades nutricionais dos usuarios/as do servizo.

Coa finalidade de que as familias podan completar o réxime alimenticio dos seus fillos/as, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e será comunicada ás familias con suficiente antelación.

Este menú será o mesmo para todos /as os comensais que fagan uso do servizo, agás:

- Alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia, alerxia alimentaria ou trastorno de saúde, que disporá dun menú axeitado ás súas necesidades, que deberá estar xustificado mediante informe médico. Dito informe será presentado no momento de formalizar a matrícula, ou no caso de que a necesidade sobreveña con posterioridade, no momento que solicite o tratamento específico. O alumnado que tivese tratamento en cursos anteriores, deberán presentar informes médicos actualizados.

- Alumnado do centro que por motivos relixiosos, evite comer algún alimento, deberá traer un escrito dos seus pais/nais indicándoo expresamente.
- Indisposicións temporais. Neste caso os pais/nais deberán comunicarllo antes das 9:00 h do día para o que se requira a dieta.

Artigo 7- Administración de medicamentos

O persoal encargado do comedor non subministrará medicación ao alumnado. Os/as pais/nais, titor/titora deberán adaptar o horario das tomas de medicación para que coincida fóra do horario escolar. Igualmente, nunca deberán entregar medicamentos ás/ós nenos/as.

Naqueles casos en que resulte indispensable a toma dalgún tipo de medicamento durante o horario do servizo de comedor, o pai/nai titor/ra deberá solicitalo por escrito no centro escolar, acompañado dun informe médico no que conste a necesidade do mesmo, e valorarase a medida mais idónea en cada caso.

CAPÍTULO IV. HORARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

Artigo 8- Horario e funcionamento do servizo de comedor

O servizo de comedor escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. O alumnado de 1º de Infantil, poderá incorporarse ao servizo unha vez rematado o período de adaptación.

O horario de funcionamento abrangue dende as 13:45 ata as 16:00, sendo ocupado polo alumnado estritamente na hora da comida. O resto do tempo utilizarase para a preparación das instalacións e a recollida das mesmas.

Os monitores deberán estar nas aulas para recoller ao alumnado usuario do comedor, con antelación ao momento do remate da xornada lectiva. Esta medida responde á necesidade de diferenciar a aqueles menores que abandonan o centro escolar, do alumnado usuario do servizo de comedor, evitando así situacións que poderían ter consecuencias graves.

Os monitores acompañaran aos menores ao seu cargo aos servizos, para o lavado de mans, e posteriormente ás instalacións do comedor.

No horario de comedor o alumnado estará baixo a tutela dos/as coidadores/as de comedor que serán os seus responsables.

Unha vez rematado o xantar, o alumnado permanecerá no patio cuberto situado diante do comedor, ata a hora de remate do servizo. Os monitores acompañarán ao alumnado usuario do transporte escolar, ata o autobús.

En caso de que exista máis de unha quenda de comedor, será decisión e organización do propio centro que alumnos acuden a cada quenda.

CAPÍTULO V. USUARIOS/AS DO SERVIZO DE COMEDOR

Artigo 9- Usuarios do servizo de comedor

A selección e admisión de usuarios e usuarias do servizo de comedor escolar correspóndelle ao Concello de Vilalba. O número máximo de prazas é de 45 comensais por quenda.

Poden ser usuarios do servizo de comedor:

- Todo o alumnado matriculado no centro que así o solicite.
- O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor
- Os coidadores de NEEs, que durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren.

Artigo 10-Tipos de usuarios/as:

Os usuarios/as poden ser fixos/as ou ocasionais

Artigo 11- Usuarios/as fixos/as

Son aqueles alumnos/as que van facer uso do comedor escolar durante todo o curso todos os días da semana, salvo causas xustificadas. Non estará permitido facer uso do servizo por días soltos.

Deberán inscribirse no centro durante o período de matriculación escolar.

Artigo 12- Usuarios/as ocasionais

Son aqueles alumnos/as que por causa grave, precisen o servizo de comedor excepcionalmente nun momento determinado, e por un período de tempo limitado.

Neste caso o pai/nai/titor/titora deberá solicitalo nas Oficinas Municipais por escrito e deberá responder a unha causa xustificada, que será necesario acreditar xunto coa solicitude.

O concello poderá denegalo, no caso de que a causa non xustifique a necesidade do servizo ou no caso de non haber prazas dispoñibles.

CAPÍTULO VI. LÍMITE DE PRAZAS, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS, SOLICITUDES DE INSCRICIÓN E RENOVACIÓN, E BAIXA DOS/DAS USUARIOS/AS

Artigo 13- Límite de prazas.

O número máximo de prazas ofertadas no servizo de comedor é de 45 por quenda.

Artigo 14- Procedemento de adxudicación de prazas

Na selección de admisión de usuarios do servizo de comedor, no caso de que o número de solicitudes supere ao de prazas dispoñibles, respectarase estritamente a seguinte orde de preferencia:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior.
- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe dos servizos sociais do concello.
- Alumnado membro de familias numerosas
- Alumnado fillos/fillas de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro. Estas solicitudes serán valoradas tendo en conta a renda percápita, o que determinará a orde de prelación na adxudicación de prazas, tendo prioridade as rendas máis baixas. Para determinar a renda percápita, teranse en conta os ingresos da unidade familiar, que virán determinados pola suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro, dividida entre o número de membros da unidade de convivencia, según os datos obtidos do exercicio económico fiscal máis recente que estea en disposición de ofrecer a AEAT.

Considerase que compoñen a unidade familiar

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda percápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior á matrícula do curso escolar correspondente.

A baremación das solicitudes realizarase polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vilalba, elevando proposta á alcaldía para a resolución de adxudicación de prazas ós usuarios e usuarias do servizo.-

No taboleiro de anuncios do centro, e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Vilalba, expoñerase a listaxe provisional de admitidos e de agarda e concederase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións.

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, confeccionarase unha listaxe de agarda que seguirá a mesma orde que resulte do baremo empregado para a selección dos admitidos/as.

As solicitudes presentadas fóra de prazo, estarán condicionadas á existencia de prazas. De non ser o caso, incluíranse na lista de agarda segundo a orde de rexistro de entrada da solicitude.

En caso de que varios irmáns estean en postos consecutivos na listaxe de agarda, e aos pais/nais titores/as non lles interese que comence/n un/s e quede/n fóra o/s outro/s, reteranse a/s praza/s dispoñible/s ata que se poida dar entrada a todos.

Artigo 15 -Solicitudes de inscrición

A inscrición ao servizo de comedor ten carácter anual e formalizarase durante o período de matriculación no centro escolar. Os/as solicitantes deberán entregar a seguinte documentación:

- O modelo de solicitude
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal e libro de familia.
- Certificado de convivencia.
- Xustificación de ingresos familiares de tódolos membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia
- Informe do departamento de servizos sociais da situación socioeconómica de exclusión social, de ser o caso
- Xustificante de acollemento residencial ou familiar. Resolución pola que se recoñeza a condición de familia acolledora, de ser o caso
- Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso
- Certificado mediante o cal se acredite que os pais e nais traballadores contan con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, de ser o caso
- Xustificante de de ser usuario de transporte escolar
- Outra documentación acreditativa de diversas circunstancias: sentenza de separación/divorcio, carné de familia numerosa, informes médicos....
- Documentación esixida no caso de solicitar exención ou bonificación do prezo dos menús segundo o establecido no acordo regulador do prezo público do comedor da EEI de Vilalba

Artigo 16- Renovación de praza

